

Sysprep

Para que serve o sysprep?

Cando temos moitos equipos con *hardware* compatible e queremos que todos teñan instalado o mesmo *software* sobre un sistema operativo Windows, o mais rápido é instalar todos eses programas e facer a configuración desexada nun deles e, logo, realizar una imaxe do sistema empregando un *software* para tal efecto como Clonezilla ou Norton Ghost.

Unha vez realizada esa imaxe coa mesma ferramenta poderemos restaurar esa imaxe nos demais equipos.

Así conseguiremos aforrar moito tempo, pois a instalación en todos os equipos sería: (Tempo de instalación nun equipo, seguramente varios días de duro traballo) x (Nº de equipos) e, deste xeito empregando o Clonezilla ou o Norton Ghost: (Tempo de instalación nun equipo) + (Tempo de creación da imaxe, seguro que non mais de 30 minutos) + (Tempo de restauración da imaxe por rede, seguro que non mais de 1 hora).

Por outra banda saber que, cando se instala Windows nun equipo xérase un número de identificación único, denominado **SID**.

Se o sistema se clona sen mais, Windows, normalmente, non funcionará pois aínda que o *hardware* dos equipos coincida o SID nunca sería igual.

O **sysprep**, entre outras cousas, emprégase para eliminar o número de identificación SID que Windows xera cando se instala nun equipo. Así, cando se inicia por primeira vez o sistema no equipo clonado, creárase o SID nese novo equipo dando así a impresión de que o sistema foi instalado nel.

O sysprep tamén permite a configuración automática de moitos dos parámetros do sistema.

- [Sysprep en Windows XP](#)
- [Sysprep en Windows 7, Windows 8.1 e Windows 10](#)